



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

EDICTO

Expediente nº: 589/2021.

Convócase procedemento de selección de 2 CONDUCTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, dacordo coas bases que se reseñan a continuación aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 2021-0301 de data 28 de maio de 2021.

“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS CONDUCTORES DE MOTOBOMBA AO ABEIRO DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE BECERREÁ PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020, para ano 2021 (ACTUACIÓN DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA DE PROPIEDAD MUNICIPAL).

PRIMEIRA.-NORMAS XERAIS

1.1 Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e da correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección de dous candidatos/as para ser contratados/as como persoal laboral temporal (**conductores/as de motobomba**) durante o prazo determinado no CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ENTIDADES LOCAIS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2021 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020 (ACTUACIÓN DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA DE PROPIEDAD MUNICIPAL).

Na mesma liña e co fin de non interromper a prestación deste servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación máxima para seren propostos para a contratación, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, dimita ou se extinga a relación laboral de mutuo acordo, o concello notificará ao seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizalo.

Así mesmo, o presente procedemento selectivo servirá de bolsa de emprego válida para os anos 2021 e 2022, que se constituirá con todos os candidatos que superen o proceso selectivo ordenados pola puntuación obtida.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será **concurso oposición**.

1.4. A presente convocatoria publicárase no BOP de Lugo, e ésta e as bases no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá e no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>), ao igual que o resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente.

SEGUNDA.-FUNCIONS



O obxecto do contrato laboral temporal que se celebre a resultas deste proceso de selección, estará integrado polas funcións propias de **conductor de vehículo motobomba** ao abeiro do Convenio de Colaboración epigrafiado.

Consistirá na realización de labores de extinción, prevención e defensa contra incendios forestais. En concreto, o persoal encargado do manexo e actuación do VMB realizará labores de prevención e defensa contra incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a extinción destes.

O VMB participará nos labores encamiñados á prevención, construción e mellora de infraestruturas de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes labores desenvolveranse sempre dentro do ámbito territorial do concello.

O VMB colaborará na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén asumirán outras funcións que poida fixar a Consellería do Medio Rural no Convenio correspondente.

O persoal encargado do manexo do VMB deberá ter plena dispoñibilidade horaria, incluíndo domingos e festivos, así como as quendas de noite necesarias e o vehículo deberá estar operativo alomenos 16 horas ao día. A distribución do tempo de traballo será axeitada ás necesidades do servizo.

O contrato se celebra por un periodo de tres meses, periodo coíncidente co de vixencia do Convenio de Colaboración epigrafiado.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TRLEBEP e no artigo 50 da LEPL, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Deberá acreditarse esta circunstancia mediante certificado médico. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os transtornos psicolóxicos, as incapacidades do aparello locomotor, as enfermidades contaxiosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a sordeira son igualmente causas de exclusión.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Exíxese estar en posesión do Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde ECD/1417/2012 de 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e doutros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de Educación e financiamento da reforma educativa a efectos laborais); para titulacións obtidas no estranxeiro deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

f) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo C** con dous anos de antigüidade como mínimo.

CUARTA. PROCEDIMIENTO SELECTIVO

O proceso de selección será o de **concurso-oposición** consistindo esta derradeira fase na realización dunha proba selectiva de carácter obrigatorio e eliminatorio.

FASE DE OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 51.2 da LEPG deberán realizar este exercicio aqueles/as candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación dacordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOGA 146 de 30 de xullo de 2007)

SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na realización dunha proba práctica no manexo do VMB e o seu equipamento a fin de avaliar os coñecementos e pericia na utilización do vehículo e dito equipamento. Trátase dunha proba práctica relativa a algunha das labores e funcións a levar a cabo non posto de traballo e encamiñada a demostrar a capacidade da persoa para a realización das tarefas do posto valorándose a calidade e rapidez na execución das tarefas propias deste así como de labores de mantemento e conservación da maquinaria, circulación por rutas e camiños e normas de circulación polos mesmos, normas de seguridade e hixiene de aplicación no traballo e equipo de protección individual.

FASE DE CONCURSO

O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1. Méritos Profesionais.

Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo de condutor de motobomba, ao servizo de calquera Entidade Local, 0,20 puntos por mes completo.

Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo de condutor de motobomba, ao servizo de calquera outra Administración Pública (agás empresas públicas), 0,10 puntos por mes completo.

As fraccións inferiores a meses completos computaranse en proporción ao número de días traballados.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública:

— Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,02 puntos.

— Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,04 puntos.



- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,06 puntos.
- Por cursos de máis de 101 horas de duración: 0,08 puntos.
- Por cursos de máis de 201 horas de duración: 0,10 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

Para acreditar os méritos sinalados no punto 1 do baremo haberá de achegarse copia dos contratos de traballo e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Estes documentos poderán ser substituídos por un certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado.

Para acreditar os méritos sinalados no punto 2 do baremo haberá de achegarse fotocopia dos documentos oficiais que os acrediten.

Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte cun total de **15 puntos**:

- Méritos profesionais: Máximo 10,00 puntos.
- Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 5,00 puntos

A proba práctica (agás o de galego que se cualificará como apto/non apto), será cualificada de **0 a 30 puntos**, sendo necesario para aprobar cada un obter unha puntuación mínima de 15 puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

QUINTA. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá.

O prazo de presentación será de CINCO (5) días hábiles a contar dende o seguinte ao de publicación da convocatoria no BOP de Lugo.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Becerreá, ou nos lugares que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os aspirantes deberán presentar, acompañando á solicitude a documentación que acredite os méritos a que fai referencia a convocatoria en relación á fase de concurso.

SEXTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 2 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá e no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>), sinalándose un prazo de un (1) día hábil contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarse o nome e apelido, e DNI dos aspirantes.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde dictará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen ningún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación.

SETIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal, este último con voz pero sen voto.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público. Esta Resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá e no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>).

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Se levantará, de cada sesión acta, que se autorizará coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.



Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

Os acordos serán adoptados por maioría de votos dirimindo os empates o presidente. Os membros que voten en contra ao se absteñan quedarán exentos de responsabilidade de ser o caso.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, dirimindo co seu voto os empates, tódalas dúbidas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Concluídas as probas, elevarase proposta de candidatos para a formalización do correspondente contrato laboral que en ningún caso poderá exceder do nº de plazas convocadas.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de 2 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con un día natural de antelación, como mínimo, ao comezo do primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá e no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>), o día, hora e lugar onde se celebrarán as probas.

Os anuncios sucesivos publicaranse do mesmo xeito.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOVENA. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

Cada exercicio (agás o de galego que se cualificará como apto/non apto), será cualificado de 0 a **30 puntos**, sendo necesario para aprobar cada un obter unha puntuación mínima de 15 puntos.

En calquera caso, corresponderalle ao tribunal determinar o nivel mínimo de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto en cada unha das probas.

DÉCIMA. RELACIÓN DE APROBADOS.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes tal e como se indicou e no suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, decidirase ao chou.

Finalizadas as probas selectivas elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización do correspondente contrato laboral.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do plan de emprego.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase o/a aspirante decaído/a do seu dereito á contratación.

UNDÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de 2 días naturais, a documentación seguinte:

- a.- Presentar fotocopias e orixinais para a súa compula dos títulos acreditativos da titulación esixida na base terceira.
- b.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- c.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Carnet de conducir tipo C.
- d.- Informe médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- e.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme
- f.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente
- g.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- h.- Fotocopia e orixinal da documentación acreditativa do procedemento de selección (concurso).

Ademáis, deberá facilitar unha copia da tarxeta da seguridade social e certificado de nº de conta bancaria (IBAN).

Unha vez presentada esa documentación en prazo será ditada Resolución da Alcaldía acordando a súa contratación.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

DUODÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada.

DÉCIMO TERCEIRA. INCIDENCIAS

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme



ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I.-

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto/a de
D.N.I. n.º..... con enderezo na
R/.....n.º.....piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), **a xornada completa de dous conductores de motobomba.**

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>) e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o Fotocopia do DNI.
- o Fotocopia do título celga 3 ou curso de iniciación.
- o Fotocopia do permiso de conducción en vigor tipo C.
- o Méritos alegados:

-
-

Sinatura,

....., de.....de 20.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

En cumprimento da LO 3/2018, e do Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo, de 27 de abril de 2016, Reglamento xeral de protección de datos, se informa que os datos persoais facilitados nesta solicitude serán tratados polo Concello de Becerreá coa finalidade de xestionar a participación en dito proceso. Pode exercer os seus dereitos ante o responsable do tratamento así como acceder á información adicional a través do seguinte enderezo de correo electrónico dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org. "





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: 432GHSQX7XMG2Y3G3JSH3WFE6N | Corrección: <https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9